

## Galicia, un desenvolvemento sostible

**INTERCAMBIO EN BOS AIRES** ▶ Responsables de desenvolvemento sostible de Galicia e Arxentina defenden nunha xornada a necesidade de impulsar políticas que cambien a sociedade para salvar o planeta. Escolares da capital porteña coñecen xa unha das apostas galegas na busca desa transformación: o programa educativo Climántica.

# Galicia comparte experiencia 'verde'

POR: R.G. (AGN)  
FOTOS: EP

A **CONSELLERÍA** de Medio Ambiente deu a coñecer estes días en Arxentina as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego en materia medioambiental e de cambio climático, mediante a súa participación nunha xornada celebrada entre o venres e onte no país austral. Foron o director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e o de Desenvolvemento Sostible, ademais do responsable do programa educativo Climántica, os que expuxeron as actuacións do departamento autonómico no encontro, organizado pola delegación da Xunta en Bos Aires, en colaboración co Grupo de Mozos Galegos.

Ademais, participaron nese

foro bilateral expertos arxentinos e galegos, que abordaron nas súas ponencias as políticas públicas referentes ó cambio climático, a súa relación coa educación, os biocombustibles e o tratamento dos residuos sólidos urbanos.

O embaixador de España en Arxentina, Rafael Estrella, foi o encargado de inaugurar o encontro, co que, segundo a consellería, se pretendeu crear un novo espazo de reflexión e discusión para frear o cambio climático de xeito conxunto entre Galicia e o país austral.

Neste marco, a aposta de futuro dos responsables dos departamentos de desenvolvemento sostible de Arxentina e da comunidade galega foi común: impulsar cada vez máis políticas que «cambien a sociedade

para salvar o planeta».

Así, o director de Cambio Climático da Secretaría de Medio Ambiente y Desarrollo Sostenible de Arxentina, Nazareno Castillo, e a responsable da área educativa deste organismo, Daniela Petrillo, destacaron que as iniciativas efectivas de redución de emisións de gases deben acompañarse de «medidas de concienciación e capacitación en distintos aspectos para fomentar las acciones individuales para reducir la huella de carbono en cada persona».

Nesa liña, apostaron por promover a adquisición de hábitos, valores e costumes orientados a comprender a complexidade deste tema e a contribuír a mitigalo.

Neste contexto de aposta pola

educación e a concienciación, o director do programa formativo galego Climántica, Francisco Sónora, presentou as oito unidades didácticas desa iniciativa e os resultados que está a dar na comunidade.

Arxentina é, de feito, o terceiro país no que se implanta este proxecto —xa chegou a Cuba e Portugal—, que foi dado a coñecer esta semana nun colexio de Bos Aires. A iniciativa, que ten menos de dous anos, céntrase nos considerados grandes problemas ambientais, como son o quecemento global, a biodiversidade ou o territorio.

**RESIDUOS.** Más aló desta iniciativa, o director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta, Joaquín Buergo del Río, repasou

as actuacións desenvolvidas en Galicia no tratamento de residuos sólidos e os retos de futuro, entre os que destacou o de «implicar a sociedade civil» como único xeito de «salvar o planeta».

Salientou, ademais, que nesta concienciación existen, ademais de accións de sensibilización, mecanismos para facerlles comprender ós cidadáns que quen contamina paga e que, do mesmo xeito, hai que pagar polo lixo que se produce. Segundo explicou, este sistema ten contribuído en moitos países a reducir de xeito notable a produción individual de residuos.

Nesa liña, tamén explicou o efecto do novo programa de xestión de residuos na política de acción contra o cambio climático, mediante a aplicación de medidas como a importante redución do consumo de combustible como consecuencia da aplicación do novo modelo descentralizado.

**NOVAS SOLUCIÓNS.** Na xornada tamén se abordaron as solucións que se poden aplicar dende o agro para afrontar o cambio climático, un debate no que participaron tres expertos do Consejo Nacional de Investigaciones Científicas y Técnicas de Arxentina.

O director xeral de Desenvolvemento Sostible da Xunta, Emilio Fernández, pola súa parte, expuxo onte os programas e as experiencias promovidas pola Consellería de Medio Ambiente, que, de feito, ten previsto presentar antes de xullo o proxecto galego de acción contra o cambio climático.

Nesa última xornada do encontro ambiental tamén participou a coordinadora xeral do programa interdisciplinario da universidade de Bos Aires sobre cambio climático, Ana María Balaszczuk.

## A ONU interésase polo programa educativo galego

As actividades non rematan coa xornada en Arxentina, xa que a conselleira de Educación, Laura Sánchez Piñón; o director xeral de Desenvolvemento Sostible, Emilio Fernández, e o secretario xeral de Relacións Exteriores, Julio César Fernández, preséntalle hoxe o proxecto Climántica á oficina de Medio Ambiente da ONU, en Nova York. O programa educativo, polo que xa se interesara ese organismo internacional, púxose en marcha en setembro do 2006, e nel colaboran a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible e a de Ordenación e Innovación Educativa.

## Formación e concienciación



## Debate Un novo foro bilateral

Medio Ambiente entende a Xornada sobre Cambio Climático celebrada na sede da delegación da Xunta en Bos Aires como a apertura dun novo espazo de reflexión sobre a situación medioambiental, neste caso con Arxentina. O obxectivo foi estudar tanto as medidas xa desenvolvidas como as que se deben impulsar para tratar de frear o cambio climático.



## Difusión Climántica en Cuba e Arxentina

O proxecto Climántica non se limita só ós centros educativos galegos. Trala súa divulgación en Portugal, esta mesma semana chegou como experiencia piloto a Cuba —ós estudantes da Ciudad Escolar Libertad— e a Arxentina, para rapaces do colexio Santiago Apóstol. Súmanse ós 130 centros da comunidade galega nos que xa se traballa con Climántica.



## Recursos Todo tipo de material para as aulas

O programa Climántica apóiase nun variado material didáctico, dende as unidades dirixidas ós alumnos de Secundaria ata comics e xogos. Está todo na súa páxina web (climantica.org), dende onde é posible descargar eses recursos, seguir os proxectos que se desenvolven, a información de actualidade e investigacións sobre medio ambiente e cambio climático.